

Asociación Galega de
Compositores



www.asociaciongalegadedecompositores.com

info@asociaciongalegadedecompositores.com

MÚSICA GALEGA DE NOVA CREACIÓN

Asociación Galega de
Compositores

CICLO XXII

23 maio 2018

Santiago de Compostela

Escola de Altos Estudos Musicais de
Galicia

[Parque de Vista Alegre]

20:30h

PERCUSIÓN

Obras de:

Luis Carro

Javier M. López

María Mendoza

J. Javier Ulla

X.A. Vázquez Casas



PROGRAMA

Obras de estrea absoluta

Chove en Loureiro

Luis Carro

Ollada Mergullada

Javier María Lòpez Rodríguez

Sonor-C

María Mendoza

Ultimátum para trío de percusión

J. Javier Ulla Berdullas

Offshore

X. A. Vázquez Casas

FRAN TRONCOSO

Graduado en Percusión Clásico- Contemporánea no Conservatorio Superior de Música de A Coruña no ano 2015, Fran Troncoso ace en Salceda de Caselas (Pontevedra) onde comeza a estudar percusión con Roberto Oliveira e David Rodríguez e posteriormente no conservatorio de Santiago de Compostela con Ton Risco.

En 2008-2010 forma parte como alumno activo da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia con José Vicente Faus (Real Filharmonía de Galicia) e en 2009-2012 na Orquestra Xove da Sinfónica de Galicia cos profesores José Trigueros, Alejandro Sanz e José Belmonte.

Asiste a cursos e clases con profesores como Juan Collazo, José Trigueros, Fernando Arias, César Peris, Lorenzo Ferrándiz, Nacho Molins, Pius Cheung, Nuno Aroso, Jeffrey Davis, Tchiki Duo, entre outros, formándose nunha ampla variedade de estilos como o clásico, étnico e jazz. No ano 2010, estudou no Conservatorio de Amsterdam cos profesores Nick Woud, Gustavo Gimeno, Peter Prommel, Mark Braafhart, Ramon Lormans e Victor Oskam. Alí formou parte do ensemble de percusión do conservatorio tocando no Concertgebouw Concert Hall e no TROMP International Percussion Competition (Eindhoven).

Colabora con orquestras como Real Filharmonía de Galicia e Orquestra Sinfónica de Galicia, Orquestra Sinfónica de Bilbao e foi membro da Animato Foundation Orchestra (Suiza), da Banda Xove da Unión Europea (EUYWO), e do grupo de percusión Odaiko.

Pustjens (xefe de departamento do Amsterdam Conservatory) o definiu no seu exame final.

Fran Troncoso



PABLO CABANELAS

Comeza os seus estudos aos sete anos na Escola da Banda de música de Salcedo, pasando posteriormente a estudar no Conservatorio Profesional de Música de Pontevedra, no Conservatorio Superior de Música de Vigo, no Conservatorio Superior de Música da Coruña e no Conservatorio Nacional de Estrasburgo.

Entre os anos 2004 e 2006 foi membro activo da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia. Realizou numerosos cursos de percusión con profesores da talla de Nancy Zeltsman, Bogdan Bacanu, Eric Sammut, Nick Woud, Frederic Macarez, Jan Pustjens, Miguel Bernat, Juanjo Guillem, Ali N' Diaye, Israel Moreno, Marc Braafhart, ...

Colaborou con numerosas agrupacións como: Real Filharmonía de Galicia, Orquestra Filarmónica "Cidade de Pontevedra", Orquestra Clásica de Vigo, Orquestra Vigo 430, Globus Orchestra, Banda Filarmónica de Galicia, Banda Sinfónica da Federación, Banda Minho-Galaica, Omar percussion Group, Grupo de Percusión da EAEM, Grupo de percusión Perkuka, Karolis Biveinis Filme Ensemble, Hércules Brass Ensemble. Na actualidade é profesor nas Escolas das Bandas de Música de Salcedo, de Rianxo, da Pobra do Caramiñal e de Vilaboa. Ademais é membro da Hulencourt Soloists Chamber Orchestra, da Banda de Música de Pontevedra e do grupo Píscore.

JUAN COLLAZO

Director de Odaiko Percussion Group, do curso Merza Percusion, (un dos cursos máis numerosos en alumnos e profesores de Europa,) do FIP Galicia, profesor do CMU de Santiago e membro de numerosas manifestacións artísticas de diversa índole, son motivos máis que suficientes para avalar a capacidade artística deste xoven percusionista. (Merza, 1981).

Licenciado en Percusión Clásica no Conservatorio de Amsterdam coas máximas calificacións. Membro de orquestras como a Sinfónica de Navarra ou Orquestra do Norte, e outras agrupacións como Ensemble Nacional de Música Contemporánea, son un pequeno exemplo da súa primeira andaina profesional.

"Talent, virtuous, musicality" son os termos cos que Jan Pustjens (xefe de departamento do Amsterdam Conservatory) o definiu no seu exame final.

ANTONIO OCAMPO

Licenciado en percusión polo Conservatorio Superior de Vigo no ano 2010, Antonio Ocampo formase con numerosos profesores de renome como Nancy Zeltsman, Jan Pustjens, Tobias Guttmann, Lorenzo Ferrándiz, Ali N'Diaye, Nick Woud, Romain Kuonen, César Peris, Javier Benet, Marcos Valcarcel, Salvador Niebla, Arthur Lipner, Miguel Bernat, Bogdan Bacanu, Rainer Seegers, Ruben Montes, Juanjo Guillém y Josep Vicent Faus.

No ano 2000 forma parte da Escola de Altos Estudos Musicais e da Orquestra Xove de Galicia e colaborou ao longo da súa carreira con orquestras como Sinfónica de Galicia, Sinfónica de Navarra, Sinfónica Ciudad de Oviedo, Clásica de Vigo y Orquestra Coral Casablanca.